

DECRETO

Expediente núm.: 2282/2024

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Concesión de Subvención Nominativa

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Resolución de concesión de subvención nominativa a entidade ASOCIACION DE MADRES Y PADRES DE ALUMNOS DEL COLEGIO SAN FERMIN DE CALDAS DE REIS para o financiamento do proxecto "Concilia & Convive"

Vista a documentación presentada pola entidade ASOCIACION DE MADRES Y PADRES DE ALUMNOS DEL COLEGIO SAN FERMIN DE CALDAS DE REIS con CIF G36149664, na que se solicita subvención a este concello para o financiamento do proxecto "Concilia & Convive" que se desenvolve do 01/09/2024 a 30/06/2025, e cuxo orzamento ascende ao importe de 2.950 €, segundo consta na memoria achegada e na relación de ingresos e gastos presentados pola interesada.

Visto que a entidade cumpre cos requisitos para a obtención da subvención, dado que consta no expediente os certificados positivos de estar ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias, coa Seguridade Social e co mesmo concello, e as declaracións responsables formuladas polo representante da entidade que non está incurso en ningunha nas causas de prohibición do art. 13 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e apartados 5 e 6 do art. 4 da Lei Orgánica 1/2002, reguladora do Dereito de Asociación.

Visto que consta a subvención como nominativa no Orzamento Municipal de 2024, e que existe crédito suficiente por importe de 2.500 € con cargo á aplicación 326 486.00 do orzamento de gastos vixente, emitíndose documento contable RC número 7.207 2024.

Visto que consta certificado do órgano encargado do seguimento da subvención, en relación co pago parcial da subvención, emitido nos termos do artigo 88.3 do Real Decreto 887/2006.

Considerando o artigo art. 9.4 da LXS, cúmprense cos requisitos para a concesión da subvención.

Considerando o artigo 22.2 a) da LGS en relación co artigo 28 do citado texto legal a presente subvención concederáse de forma directa ao estar prevista nominativamente no orzamento e a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.

A proposta foi fiscalizada pola intervención municipal en data 14/11/2024, con nº de referencia 2024-0281 e con resultado Desfavorable con efectos suspensivos. Os reparos formulados foron resolto mediante resolución de Alcaldía núm. 2024-2372 de 14/11/2024.

Vista a proposta de resolución PR/2024/198 de 14 de novembro de 2024.



**RESOLUCIÓN**

1. CONCEDER á entidade ASOCIACION DE MADRES Y PADRES DE ALUMNOS DEL COLEGIO SAN FERMIN DE CALDAS DE REIS, unha subvención nominativa por importe de 2.500 € para o financiamento do proxecto "Concilia & Convive" baixo os requisitos e condicións que se especifican no anexo.
2. ESTABLECER como data límite para a xustificación do gasto o 30/09/2025. Excepcionalmente, cando concorran causas debidamente xustificadas, poderase autorizar a prórroga do dito prazo establecido na resolución de concesión, logo da solicitude para o efecto da entidade beneficiaria
3. AUTORIZAR e DISPOÑER GASTO en contía de 2.500 € a favor da entidade beneficiaria que se imputarán á aplicación orzamentaria do estado de gastos do orzamento municipal vixente.
4. Ordenar o pago anticipado da subvención, para o que se constitúe unha garantía do 20% do importe total da subvención, que se realizará mediante a retención do pago a efectuar polo Concello.
5. Despois de efectuada a debida xustificación e/ou emendados os defectos observados non existindo responsabilidade por parte da entidade beneficiaria, procederase ao libramento da cantidade retida en concepto de garantía.
6. Notificar o presente acto á entidade beneficiaria e publicar a presente subvención na Base de datos Nacional de Subvencións e no portal de transparencia do Concello

ANEXO**INFORMACIÓN ESPECÍFICA DA SUBVENCIÓN.**

- Título do proxecto: Concilia & Convive
- Descrición detallada do proxecto: O programa "Concilia & Convive" é unha iniciativa deseñada para axudar ás familias para xestionar mellor o seu tempo, especialmente en días nos que o colexio non ofrece unha cobertura completa de horario. Está pensado para facilitar a conciliación da vida familiar e laboral, proporcionando alternativas para que os nenos poidan permanecer na escola, en horas non cubertas polas clases regulares ou en días específicos (como xornadas non lectivas, vacacións, ou actividades fora do horario escolar habitual).
Os principais obxectivos do programa:
Apoio á conciliación familiar: Espazos de coidado e actividades para os nenos naquelas horas nos que os pais teñen dificultades para conciliar.
Mellora da convivencia escolar: Promóvese unha contorna de convivencia positivo entre os alumnos, fomentando a cooperación, o respecto e o traballo en equipo. Escola de pais: Formación e ferramentas para mellorar a comunicación entre as familias e fortalecer a convivencia no fogar.
- Nº de participantes ou beneficiarios previstos: 259 alumn@s: EI, EP, ESO
- Lugar onde se vai a realizar o proxecto: Maiormente nas instalacións do centro CPR Plurilingüe San Fermín.



- Datos previstas de execución: Ao longo do curso escolar 2024-2025, comprendido entre o 01/09 /2024 e o 30/06/2025
- Prazo para presentar a conta xustificativa no Concello: 30/09/2025
- Solicitou anticipo: Si

Orzamento	Subvención concedida	Fianza (20%)	Importe líquido
2.950 €	2.500 €	500 €	2.000 €

CONDICIÓNS XERAIS APLICABLES A TODAS AS SUBVENCÍONS

CONDICIÓN PRIMEIRA - OBXECTO DA SUBVENCIÓN

Esta subvención ten por obxecto financiar a execución do proxecto promovido pola entidade beneficiaria. Esta será a encargada do deseño, preparación e organización do proxecto subvencionado,, así como da organización e coordinación de cantas reunións sexan pertinentes entre socios colaboradores, cofinanciadores e axentes crave para a correcta definición do proxecto.

A concesión da subvención non implica relación laboral, contractual ou de calquer tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e o Concello de Caldas de Reis, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polo actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

CONDICIÓN SEGUNDA - GASTOS SUBVENCIONABLES

Considéranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e realícense no prazo establecido para a execución do proxecto.

En ningún caso consideraranse gastos financiáveis os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación. Así, será gasto financiable o importe da base imponible, e só no caso de que o beneficiario estea exento ou non suxeito a tributación polo imposto sobre o Valor Engadido -IVE-, considerárase tamén como gasto o importe correspondente ao devandito imposto.

CONDICIÓN TERCEIRA - SUBCONTRATACIÓN

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei de Contratos do Sector Público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realízase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

CONDICIÓN CUARTA - COMPATIBILIDADE DE AXUDAS



A presente subvención é compatible co outorgamento doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedente de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos Internacionais, co límite de que non pode existir un exceso de financiamento sobre o custo da actividade.

CONDICIÓN QUINTA - PAGO DA SUBVENCIÓN

O importe da subvención farase efectivo cando se proceda presentación da correspondente conta xustificativa coa documentación esixida no apartado no condicinante correspondente.

Poderán realizarse pagos anticipados que supoñerán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Neste caso, deberá ser solicitado expresamente pola entidade beneficiaria e deberá constituírse unha garantía do 20% do importe total da subvención, que se realizará mediante a retención do pago polo Concello. Unha vez efectuada a debida xustificación e non existindo responsabilidade por parte da entidade beneficiaria, procederase á devolución da cantidade retida en concepto de garantía.

A realización do pagamento anticipado ou unha vez xustificado e acreditado o cumprimento da finalidade da subvención, esixirá previa incorporación ao expediente do certificado vixente de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda Estatal, autonómica e local e coa Seguridade Social.

CONDICIÓN SEXTA - OBRIGAS DO BENEFICIARIO

Constitúen obrigas do beneficiario, debendo acreditar o seu cumprimento:

1. Non estares incurso en prohibicións para a obtención da condición de beneficiario do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e estares ao corrente coas obrigas fiscais co Concello.
2. Estar ao correntes coas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social.
3. Dispoñer de todos os permisos e autorizacións que resulten precisos para a execución do proxecto subvencionado.
4. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto ou realizar a actividade subvencionada, e acreditalo conforme o establecido no convenio, acordo ou resolución de concesión..
5. Comunicar ao órgano concedente a obtención de outras subvencións ou axudas finalistas que financien as mesmas actividades subvencionadas.
6. Someterse as actuacións de comprobación e seguimento da actividade e de control financeiro que puideran realizar os distintos servizos do Concello.
7. Difundir o carácter público do financiamento da actividade en calquera material impreso, carteis, medios electrónicos ou audiovisuais referentes á actividade subvencionada.
8. Reintegrar ao Concello, a cantidade total ou parcial da axuda concedida, e dos xuros de demora debidos dende o momento do seu pagamento, para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.



9. Asumir, pola súa condición de beneficiario, todas as obrigas que, para o mesmo, establece a lexislación estatal e autonómica en materia de subvencións.
10. Responsabilizarse da veracidade e custodia dos documentos que presenten a través das sede electrónica do Concello. As copias dos documentos gozarán da mesma validez e eficacia que os seus orixinais, sempre que exista constancia de que sexan auténticas. O Concello de Caldas de Reis poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

CONDICIÓN SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DA AXUDA

As axudas concedidas deberán xustificarse no prazo establecido no convenio ou resolución de concesión mediante presentación da conta xustificativa da axuda que comprenderá a seguinte documentación:

- 1.- Memoria xustificativa subscrita polo beneficiario ou seu representante indicativa das actividades desenvolvidas, do cumprimento das condicións impostas e dos resultados obtidos.
- 2.- Relación subscrita polo beneficiario ou seu representante expresiva da totalidade dos gastos e investimentos derivados da actividade, debidamente desglosados e detallados, xunto coa relación desagregada dos ingresos que financian a actividade, onde se deberá indicar o seu importe, procedencia e aplicación.
- 3.- Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe do orzamento presentado, xunto coa acreditación de realizar o pago (xustificante de transferencia bancaria, non admitíndose pagamentos en efectivo por importe superior aos 50 €), Neste sentido, achegarase xustificante de cargo bancario ou informe inequívoco de que as facturas presentadas foron pagadas. No caso das facturas pagadas en efectivo, admitirase como acreditación do pago sinatura e selo de "pagado" estampado polo acredor ou emisor da factura no correspondente xustificante de gasto.
- 4.- Declaración subscrita polo beneficiario ou seu representante relativa a inexistencia de outras subvencións ou axudas que fosen obtidas para a mesma finalidade ou, no seu caso, mención expresa de outros ingresos ou axudas que financiaran a actividade, con indicación do importe e procedencia.
- 5.- Documentación acreditativa da difusión do financiamento público recibido. As medidas de difusión utilizadas deberán estar adecuadas ao obxecto subvencionado, tanto na súa forma como na súa duración, podendo consistir na inclusión da imaxe institucional da entidade concedente, así como lendas relativas ao financiamento público en carteis, placas conmemorativas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.

A documentación se presentará a través da sede electrónica do Concello (<https://caldasdereis.sedelectronica.gal>). O beneficiario responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. As copias dos documentos gozarán da mesma validez e eficacia que os seus orixinais, sempre que exista constancia de que sexan auténticas. O Concello de Caldas de Reis

CONDICIÓN OITAVA.- MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión. Dará lugar necesariamente á modificación da resolución da



concesión a obtención concorrente de subvencións outorgadas por outras Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais que supoñan que o importe total subvencionado pase o custo do proxecto realizado, debendo en tal suposto resolverse a devolución polo beneficiario do exceso percibido sobre o custo subvencionable.

CONDICIÓN NOVENA.- AMPLIACIÓN DOS PRAZOS DE EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN

O órgano competente da subvención poderá outorgar, unha ampliación dos prazos para executar e presentar a xustificación da actividade, sempre que non e non se prexudique dereitos de terceiro.

CONDICIÓN DÉCIMA.- REVOGACIÓN E REINTEGRO

Procederá o reintegro da subvención conforme ao disposto no Título II da Lei 38/2003, de 17 de novembro , Xeral de Subvencións.

Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas no suposto de incumprimento das condicións de concesión ou requirimentos de xustificación.

CONDICIÓN UNDÉCIMA.- RÉXIME SANCIONADOR

Será de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións

Así o dispón e asina o Sr. Concelleiro delegado de Mocidade, Educación, Patrimonio e Normalización lingüística (por delegación outorgada mediante Decreto de data 13.07.2023) en Caldas de Reis, na data da sinatura electrónica expresada na marxe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

